

## CONTACTOS

### Santiago de Compostela

Rúa Modesto Brocos, nº7, baixos  
15704 Santiago de Compostela  
A Coruña  
T 981 574 698  
sociosanitaria@cogami.gal  
www.cogami.gal

#### COGAMI Coruña

Tlf.: 981 574 698  
fed.cogamicoruna@cogami.gal

#### GRUMICO

Tlf.: 981 135 151  
grumico@grumico.com

#### AODEM

Tlf.: 988 252 251  
aodem@hotmail.es

#### ACCU

Tlf.: 988 100 180  
ourense@accuesp.com

#### AGADHEMO

Tlf.: 981 299 055  
asogalicia@hemofiliagalicia.com

#### ASEM Galicia

Tlf.: 986 378 001  
info@asemgalicia.com

#### ALCER Ourense

Tlf.: 988 229 615  
alcerourense@hotmail.com

#### AVIDEPO

Tlf.: 678 586 865  
avidepo@avidepo.com

#### ACEM Santiago

Tlf.: 981 575 240  
acem.santiago@gmail.com

#### MISELA

Tlf.: 981 842 097  
misela@misela.es

#### AFFOU

Tlf.: 678 636 037  
fibromialxia@hotmail.com

#### AGL

Tlf.: 986 505 443  
info@linfofedemagalicia.com

#### ALCER Coruña

Tlf.: 981 280 103  
info@alcercoruna.org

#### COGAMI Lugo

Tlf.: 982 253 332  
fed.cogamilugo@cogami.gal

#### COGAMI Pontevedra

Tlf.: 986 281 897  
fed.cogamipontevedra@cogami.gal

#### AGFQ

Tlf.: 981 240 867  
fqgalicia@fqgalicia.org

#### ANDADE

Tlf.: 639 073 156  
galicia@andade.es

#### ALCER Lugo

Tlf.: 982 243 231  
alcerlugo@cogami.gal

#### AVEMPO

Tlf.: 986 298 865  
avempovigo@hotmail.com

#### ASEARPO

Tlf.: 986 452 954  
info@asearpo.org

#### ASOTRAME

Tlf.: 686 876 865  
asotrame@asotrame.com

#### DISCAFIS COGAMI

Tlf.: 988 248 769  
discafis@cogami.gal

#### ALCER Pontevedra

Tlf.: 670 280 145  
infoalcerpontevedra@gmail.com

www.cogami.gal



# COGAMI

# Comisión Sociosanitaria

traballamos pola discapacidade orgánica

**A Comisión Sociosanitaria pretende impulsar a correcta intervención sociosanitaria das persoas con discapacidade en cuestións relacionadas coa saúde.**

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública que nace en 1990.

Está constituída por máis de 50 entidades, sendo vinte destas de carácter sociosanitario: representan a persoas con enfermidade crónica.

## VOZ DA ENFERMIDADE CRÓNICA

A Comisión Sociosanitaria é un grupo de traballo que nace en xullo de 2011 para unificar as demandas e necesidades das entidades membro de COGAMI que representan a persoas con discapacidade orgánica.

Esta Comisión e as súas entidades membro pretender ser interlocutoras válidas ante a Administración Pública, para que teña en conta as necesidades das persoas, antes de crear sistemas e estruturas.

## QUE FACEMOS?

### Intervención

Impulsamos a correcta intervención sociosanitaria das persoas con discapacidade e problemas engadidos relacionados coa saúde, especialmente como consecuencia dalgunha enfermidade crónica.

### Participación

Participamos nos grupos acreditados da rede sociosanitaria galega de carácter institucional ou privado, nas mesas técnicas sociosanitarias do SERGAS, tanto no ámbito autonómico como provincial, e tamén participamos na elaboración de protocolos de saúde no marco da atención sanitaria.

### Análise

Analizamos as implicacións do desenvolvemento do SAAD no modelo sociosanitario galego e na rede de centros de atención a persoas con discapacidade.

### Revisión

Revisamos a lexislación, como por exemplo o catálogo ortoprotésico, facemos seguimento da lexislación específica tanto en sanidade e discapacidade como na relacionada cos criterios de valoración dos EVOS.

### Asesoramento

Asesoramos en temas transversais como accesibilidade, acceso sanitario, reclamacións a doentes nos centros da rede sanitaria galega, no Servizo de Reclamacións e Atención ao Doente, redactamos protocolos xerais de atención e estamos pendentes da Lexislación xeral.

## INTEGRANTES

Na Comisión Sociosanitaria atópanse as seguintes patoloxías representadas: Lupus, Esclerose, Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica, Hemofilia e outras coagulopatías, Fibrose Quística, enfermidades do ril, Crohn e Colite Ulcerosa, Linfedema, Espondilite, enfermidades reumatolóxicas, persoas con amputacións e persoas con lesión medular. Outras entidades que forman parte son as que abarcan todo tipo de discapacidades e outras orientadas a idades temperás.